



O Consello Escolar do IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz, reunido en sesión ordinaria o 30 de xaneiro de 2013, aproba por maioría a seguinte resolución de rexeitamento ao borrador da LOMCE polos seguintes motivos:

- 1.- Esta lei nacería cunha ampla oposición de partidos políticos, organizacións de profesores, pais e alumnos e movementos de renovación pedagóxica. O que necesita a comunidade educativa é unha lei que goce dun gran consenso político e social para que non esteamos abocados a cambiar a lei de educación cada vez que cambia o signo político do goberno.
- 2.- A existencia das reválidas ó final da ESO e do Bacharelato, dirixidas a avaliar a adquisición de coñecementos, e que hai que superar para acadar o título, supón:
 - Reducir a educación á instrución, non se valora o avance persoal do alumno nin a adquisición de actitudes, valores, normas, destrezas emocionais e sociais, en definitiva non se busca a formación integral da persoa.
 - Menosprezar o labor diario do profesorado: a palabra reválida significa volver a validar o que xa está validado, e así, darase por boa a avaliación dos coñecementos dun alumno nun día fronte á do profesorado que os leva avaliando anos.
- 3.- Reduciríase a presenza da educación plástica, música, historia, filosofía, cultura clásica, tecnoloxía, ciencias para o mundo contemporáneo... Esta redución supoñería que na educación deixa de ser prioritaria a formación plena do individuo, en detrimento dunha formación máis academicista e competitiva.
- 4.- Supoñería un retroceso na participación dos distintos estamentos da comunidade educativa na xestión do centro. Así o Consello Escolar, que actualmente é o máximo órgano de goberno do centro, quedaría como un órgano practicamente consultivo, pasando as funcións máis importantes ó director. Á súa vez, a participación do Consello Escolar na selección do director sería minoritaria fronte á Administración.
- 5.- Estableceríase unha rede de centros onde:
 - Se eliminaría a obriga de garantir prazas suficientes no ensino público.
 - Poderían ter maior financiación os centros privados cós centros públicos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



I.E.S. Poeta Díaz Castro
Rúa Xermade, s/n
27300 GUITIRIZ
Tlf: 982370026 Fax: 982370462
ies.diaz.castro@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesdiazcastro



- Promovería a especialización curricular dos institutos de secundaria sostidos con fondos públicos, que supoñería a creación de centros de élite onde se agruparía o alumnado selecto.
- 6.- Discriminaríase o galego respecto ó castelán ata o punto de que os pais poderán elixir a lingua vehicular do ensino se elixen o castelán, pero non así se elixen o galego. Promoveríase, logo, o desuso e descoñecemento da lingua propia da nosa comunidade, na actualidade en retroceso e minoritaria nas cidades e nos menores de 30 anos, favorecendo a súa desaparición.
- 7.- Incorporaríase maior carga lectiva nos contidos confesionais supoñendo unha perda do carácter laico da educación.

O Consello Escolar do IES Poeta Díaz Castro
Guitiriz, 30 de xaneiro de 2013

Sr. Don Xesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria